



A Panadería, un sistema cómico

A compañía revelación de 2014 estrea “Panamericana” para facer máis comedia cun escenario igual de espido.

C. F. Texto

Son como as tres mosqueteiras sen Dartacán que lles ladre. Tres mulleres que escolleron ser cómicas forzando a contracorrente desa idea de que facer rir é cousa de homes. A Panadería é o nome do trío composto por Ailén Kendelman, Areta Bolado e Noelia Fernández. É o nome da compañía que gañou o premio Xuventude Crea antes de sorprender na Galicia Escena Pro con un espectáculo sen decorados, con moitos gags, música a capela e un considerable sentido do humor para a parodia. Era unha comedia sobre amores no oeste, pero non en Fisterra, era nese territorio mítico de onde as vacas van ao monte rodeadas de homes a cabalo. A Panadería fixo levedar unha nova historia na que se cruza a música latinoamericana, a parodia das historias de amor e un

tipo de comedia para a que é necesario que os espectadores estean algo atentos e as actrices acaban cansas.

As tres din que todo foi un non parar. Ailén Kendelman explica que non había “un plan previo”, viron a convocatoria do Xuventude Crea e decidiron presentarse. Nesa altura “tiñamos unha parte da peza, pero tiñamos que montar todo o resto, así que nos puxemos porque tempo non era o que sobra”. Con esa mesma rapidez decidiron presentarse a Galicia Escena Pro como unha compañía acabada de estrear no profesional e, segundo Areta Bolado, con esa mesma lixeireza “comezamos a facer representacións por Galicia: sen parar e sen pensar moito como fomos pasando dunha cousa a outra, máis ben levadas pola necesidade de atender cada cousa”. Co mesmo

sentido do ritmo pasaron de *Pan!* a *Pan a Panamericana*, con solución de continuidade incluso no título. As tres admiten que unha segunda montaxe pode supoñer o que un segundo disco para as bandas de rock: a demostración de que o primeiro non foi casual, pero máis que sentirse con presión perciben que unha parte da profesión “mira para nós quizais con certa sorpresa porque pasamos da ESAD aos escenarios sen esperas e hoxe iso non é normal, é un feito máis ben raro”.

Panamericana está acabada de estrear e conta a historia dunha muller, cantante e famosa, que vive nun territorio, Panamérica, e que decide exiliarse noutro, Provincia, porque no primeiro pesan demasiadas historias sobre ela. Ailén conta que son espazos ficticios pero “facilmente identificables”.



Miranda Celia del Río, a protagonista, ten que sufrir toda unha serie de aventuras para adaptarse ao novo país: as mesmas que pasaría calquera acabado de chegar que quere adaptarse, especialmente se chega en día festivo. O xeito en que se conta a historia segue as marcas da súa primeira montaxe: escenario practicamente baleiro e todos os recursos son recursos da interpretacións. Areta Bolado ironiza na diferenza a respecto de

Pan!, Pan!: “desta vez temos máis recursos en escena, un banco, unha banquetta e un banquiño”. Explica, sen ironía, que quizais a súa primeira montaxe era argumentalmente “máis inxenua” e que para esta segunda a intención era darlle unha volta máis, partir dun punto máis esixente. Noelia Fernández lembra que o punto de partida da obra era unha pregunta, que é mellor: estar dentro ou fóra do sistema? Desde esa pregunta e desde a comicidade foise construíndo a vida e as aventuras da protagonista dunha peza que terá música vocal propia.

As tres actrices establecen marcas as diferenzas entre as dúas obras. Para Noelia Fernández hai unha diferenza de fondo, “escoitamos o que dicían os espectadores e tratamos de darlles algo máis de profundidade aos personaxes porque nos dicían que quizais fosen sinxelos demais en *Pan! Pan!*”. Ailén explica que hai un cambio porque a súa primeira montaxe “era unha parodia dun xénero que todo o

mundo coñecía ben [o wéstern], agora a parodia é menos obvia, pero parodia segue habendo porque é unha marca da compañía”. Pero non é a única. Kendelman aumenta a explicación: “somos actrices e queremos facer cousas no escenario”. Facer quere dicir que non é necesario que haxa cousas sobre táboas, “non é necesario ter unha mesa para que o público pense que hai unha mesa; queremos aproveitar todos os recursos que a interpretación ten”. É un desafío, segundo Areta, que as obriga a “chegar ata o mesmo punto no que o público entende que estamos facendo” explica Ailén. Para Bolado o espectador ten que entender o que está pasando porque ten que “imaxinar moitas cousas, ten que completar o que se fai desde o escenario porque ten que poñer mentalmente esas cousas que non están”.

A elección de baleirar o escenario non é máis habitual nos escenarios, pero tampouco é habitual que a primeira opción dunha actriz sexa a comicidad-

de. Teñen explicacións para isto: varias. Areta Bolado di que son “rebeldes ao canon da beleza”; Ailén Kendelmán que a linguaxe que utilizan é o que “xurdiu cando nos xuntamos, aínda que cada unha teña unha idea propia da comicidade”; Noelia Fernández replica que traballan “creación e foi o que nos saíu no primeiro espectáculo e por aí queremos continuar”.

O mesmo que se reparten as explicacións sobre o que e como fan, os traba-

llos nunha compañía sen cabeza directora tamén está repartidos por áreas aínda que dun xeito “permeable, todas entramos en todo”, puntualiza Fernández. De partida, a música é responsabilidade de Ailén Kendelmán, o argumental é traballo de Noelia Fernández e o interpretativo de Areta Bolado, pero estas liñas son difusas e hai un momento “no que andamos todas a todo ata o punto que ás veces é difícil poñerse de acordo en todas as cousas, ou tomar todas as decisións estando as tres presentes”. Para Bolado, unha das cousas difíciles é “cubrir as fichas dos festivais ou da feira cando o apartado pide que se defina a dirección”. Nos ensaios resólvenlo “entrando e saíndo”, “ensaiamos a escena, sae unha do personaxe e mira como imos”. Discuten moito pero cren que esa é unha das ferramentas para ir mellorando. Esa e escoitar o que di a xente porque, advirten, “estamos aí para iso”.